



Concello  
da Estrada



## X CAMPUS DEPORTIVO DE VERÁN CONCELLO DA ESTRADA 2019

O departamento de deportes oferta para os meses de xullo e agosto, a sétima edición do Campus Deportivo de verán do Concello da Estrada. Ofertanse un total de 200+100 prazas por quenda. Neste mes de xuño realizase a preinscrición para a quenda de xullo; no mes de xullo abrírase o prazo de inscrición para a quenda de agosto.

A actividade está dirixida para **nenos/as de 5 a 15 anos, nados/as entre o ano 2004 e o ano 2014**, e terá lugar na zona deportiva do concello en horario de 10.00 ás 14.00 horas.

**O prezo será de 80 euros por participante e mes. O único desconto no prezo será segundo os membros da unidade familiar que participen.** Así, para o segundo membro da mesma unidade familiar o prezo será de 60 euros, para o terceiro membro da mesma unidade familiar o prezo será de 30 euros e a partir do cuarto membro o prezo será gratuito, non habendo opción de facer inscricións por quincenas.

Terán preferencia no momento da inscrición, aqueles nenos/as que estén empadroados no Concello da Estrada. De quedar prazas vacantes, serán ocupadas por aqueles nenos/as que non se atopen empadroados no noso concello.

As actividades que oferta o Campus Deportivo de verán son, entre outras: fútbol, baloncesto, atletismo, bádminton, natación, tenis, ciclismo, atletismo, judo, kárate e xogos predeportivos de iniciación para os máis pequenos. En cada quenda haberá una excursión o Aquapark de Cerceda e una acampada nas instalacións das piscinas municipais.

### TEMPORALIZACIÓN:

XULLO						
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SABADOS	DOMINGOS
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				
AGOSTO						
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SABADOS	DOMINGOS
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

- **Días de actividade**
- **Días de non actividade**

O Campus Deportivo de verán conta con **servizo de transporte gratuito** dende a estación de autobuses ata a zona deportiva, con paradas diante do Concello, Bar Gran Vía, Ambulatorio e Cafetería Invictus con regreso.

**Para participar na quenda do mes de xullo, os interesados en formalizar a inscrición deberán de facelo de forma presencial no Concello (planta baixa-rexistro) ou pola sede electrónica na web municipal ( [www.aestrada.gal](http://www.aestrada.gal)) dende o día 3 de xuño ata o día 7 de xuño.**

A inscrición debe de ser realizada polo pai/nai ou titor legal, Non se poderán facer inscricións no nome de terceiras persoas.

A documentación a presentar polo rexistro xeral do Concello será:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta.
- Fotocopia do DNI do participante.
- Fotocopia da tarxeta sanitario do participante.

**Non se aceptará ningunha inscrición que non teña a documentación completa.**

No caso de esgotar as prazas ofertadas, realizarase un sorteo para determinar as solicitudes aceptadas.

No caso de esgotar as prazas ofertadas, realizarase un sorteo para determinar as solicitudes aceptadas.

As solicitudes aceptadas comunicáraselle a súa inclusión no X Campus Deportivo de Verán, tendo que facer o pago correspondente antes do comezo do mesmo, con data límite o día 24 de xuño para a quenda do mes de xullo, presentando o resgardo de pago no departamento de estatística (planta baixa) do Concello.

Aqueles inscritos que non presenten o resgardo de pago no prazo marcado da quenda correspondente, quedarán excluídos da actividade, e ocupará o seu lugar o primeiro inscrito da lista de espera.

Para a quenda do mes de agosto abrírase outro prazo de inscrición na primeira semana de xullo.

Departamento de Deportes do Concello da Estrada.